



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Estévez Toranzo, Margarita  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
Lameiras Fernández, María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Valeije Álvarez, M<sup>a</sup> Inmaculada  
Vilán Vilán, Xosé Antonio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
López Díaz, María  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, María Rosa  
Pita Grandal, Ana M<sup>a</sup>  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Rubio Armesto, Belén  
Suárez Pazos, Mercedes  
Vázquez García, Celia

### PDI-A:

Alba Castro, José Luis  
Fernández Souto, Ana Belén  
Fernández Suárez, Emilio Manuel  
Grande Seara, Pablo  
Graña Rodríguez, Ana María  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Mejías Sacaluga, Ana María

### PDI-B:

Diz Ferreiro, Paula  
Gil Villanueva, José María

### ESTUDANTES:

Álvarez Moreira, Jose Ángel  
Comesaña González, Brais  
Veleiro Pinal, Iván

### PAS:

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Caballero Rúa, Armando  
Lorenzo Cimadevila, Henrique

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 12 de febreiro de 2014, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **12 de febreiro de 2014**, ás 10:00 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 18 de decembro de 2013 e extraordinaria do 20 de xaneiro de 2014.
2. Informe do Reitor.
3. Informe do Comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do 2º semestre do ano 2013.
4. Aprobación, se procede, da programación conxunta de estudos oficiais (simultaneidade) dos estudos de Grao en ADE e Dereito.
5. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2014/15.
6. Aprobación, se procede, das normas básicas de POD do curso 2014/15.
7. Aprobación, se procede, da modificación puntual dos programas de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química e en Láser, Fotónica e Visión.
8. Aprobación, se procede, de modificación de tarifas do CITI.
9. Aprobación, se procede, de modificación de tarifas do CACTI.
10. Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas á Investigación do ano 2014.
11. Aprobación, se procede, do Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e cooperación.
12. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Andrea Seoane-Pampín González, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Fac. de CC. da Educ. e do Deporte.
13. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M<sup>a</sup> Teresa Vilas Cubela, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da E.U. Fac. de CC. da Educ. e do Deporte.

14. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada interposto polos profesores do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, D. Antonio González Fernández e outros, contra os acordos da COAP dos días 20 e 27 de maio de 2013.
15. Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada, interposto por D. Francisco Conde Fernández, contra o acordo da Comisión Académica do Máster da Avogacía de Ourense, que ratifica a adxudicación de prazas de profesorado que foron propostas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.
16. Aprobación, se procede, en relación coa herdanza de Dna. Alicia Crespi, da conmutación do usufruto do viúvo D. Ángel González Herrero, de forma condicionada ao reparto de toda a herdanza globalmente considerada nunha unidade de acto, e aceptación do sistema de sorteo ante notario dos lotes propostos.
17. Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Lingua Española.
18. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Ribeirão Preto* (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidade de Ribeirão Preto* (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad EAFIT* – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica Salesiana* (Ecuador) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Politécnica Salesiana* (Ecuador) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ciencias Económicas de Poznań (Polonia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Corporación Universidad Piloto de Colombia*.
19. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, das actas correspondentes ás sesións ordinaria do 18 de decembro de 2013 e extraordinaria do 20 de xaneiro de 2014.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa respecto da acta extraordinaria do 20 de xaneiro de 2014 da alegación presentada por Santiago Pato, representante do alumnado, quen solicita que conste a súa intervención tal e como se dixo non seu momento.

Respecto do Premio Extraordinario Fin de Carreira solicita que:

“1º Unha maior bonificación para o estudantado cualificado co Premio Extraordinario Fin de Carreira, que só vén desfrutando dunha exención nas taxas de expedición do título de grao, o que implica, de acordo ao Decreto 119/2013, de 18 de xullo, polo que se fixan os prezos correspondentes aos estudos que conducen á obtención de títulos universitarios de carácter oficial e validez en todo ou territorio nacional para o curso 2013/14, unha bonificación de tan só 123,10 €.

Propón como unha posible opción, que o estudantado cualificado co Premio Extraordinario Fin de carreira e Grao, desfrute da exención de taxas na matrícula nunha titulación de mestrado da Universidade de Vigo.

2º En relación co punto anterior, solicitar tamén que os créditos cualificados con matrícula de honra, en materias do último curso das titulacións de grao, sexan tidos en conta, en igual proporción, para a exención de taxas na matrícula nunha titulación de mestrado na Universidade de Vigo, ao igual que ocorre noutras universidades, tales como a Universidade

Complutense de Madrid. Onde na súa normativa sobre mestrados oficiais indícase que nos supostos especiais como: Alumnos que obtiveran a mención de «Matrícula de Honra» nunha ou mais materias do último curso dos estudos conducentes ao título oficial de grao, licenciado ou enxeñeiro: A bonificación poderá aplicarse única e exclusivamente na matrícula de máster no curso académico seguinte.

Santiago Pato, pon como exemplo a Universidade da Coruña, onde a súa Normativa de xestión académica para o curso 2013/2014, no seu artigo 31, establece que estarán exentos total ou parcialmente do pagamento dos prezos públicos os alumnos que se atopen nalgunha das situacións reguladas na lexislación vixente, segundo se establece no artigo 13 destas normas. Onde o seu artigo 13.2.1 establece que:” os alumnos que obtiveran matrícula de honra nunha ou en máis materias ou disciplinas gozarán no curso académico seguinte dunha bonificación no pagamento dos prezos públicos nun número de créditos de materias ou de disciplinas, que se corresponda co número de créditos das materias ou disciplinas en que obtivesen matrícula de honra, ou en tantas materias da mesma titulación non caso das titulacións non estruturadas en créditos.”

O reitor responde que se compromete a estudar e implementar, se é posible, a normativa da Universidade de Vigo.

Acéptase a alegación.

A profesora Belén Rubio sinala un erro na transcripción do seu apelido, polo que solicita que se corrixa.

Apróbanse por asentimento as actas da sesión ordinaria do 18 de decembro de 2013 e da sesión extraordinaria do 20 de xaneiro de 2014.

## **Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o reitor para dar conta das seguintes cuestións:

- Sesión ordinaria da Comisión Electoral, con data de 23 de xaneiro de 2014, na que se acordou aprobar o procedemento e calendario electoral para a renovación do Claustro Universitario e para as eleccións a Reitor.
- Nomeamento do profesor Ángel Espada Seoane, Profesor Titular de Universidade no Departamento de Enxeñaría de Sistemas e Automática, como director do Módulo Técnico industrial (MTI). Engade que en breve se procederá a abrir a convocatoria para a concesión de espazos á que poden optar os grupos de investigación que traballen no eido da enxeñaría industrial.
- Informe sobre a sesión do Consello Galego de Universidades, reunido o día 10 de febreiro de 2014. Sinala que os temas abordados na devandita reunión foron, en primeiro lugar, cuestións relativas aos orzamentos de 2014, concretamente as partidas vinculadas ao Plan de financiamento do sistema universitario de Galicia.

Di que tamén se abordaron os informes para a verificación dos títulos presentados polo conxunto das universidades galegas. Sinala, que das 59 solicitudes presentadas, 42 aceptáronse para a súa remisión á Axencia de Calidade do Sistema de Universitario Galego (ACSUG). Con respecto ás propostas enviadas pola Universidade de Vigo o pasado día 14 de novembro, recorda que se fixeron 8 propostas de grado; 6 corresponden á modificación de títulos existentes e 2 a novos títulos: a modificación do Grao en Ciencias da Linguaxe e a transformación do Grao de Enxeñaría Física. Informa que as oito propostas recibiron o informe favorable para a verificación. No que respecta ás propostas de máster, todas acadaron o informe favorable. E no que respecta aos doutoramentos: un recibiu informe desfavorable por ser tramitado fóra de prazo e dos dous restantes os informes foron favorables.

Informa, que na mesma reunión tivo lugar o debate sobre o punto da orde do día, que fai referencia á concesión do informe favorable para que o CESUGA (centro de ensino superior de carácter privado con sé na Coruña) se adscriba á Universidade privada San Jorge de Aragón. Engade, que este centro pretende, ademais, impartir catro graos (Arquitectura, Administración de Empresa, Publicidade e Relacións Públicas e Tradución e Comunicación Intercultural). O reitor sinala que o informe, que non é vinculante, resultou finalmente aprobado con oito votos a favor, sete en contra e unha abstención. Di que a postura dos tres reitores das universidades galegas foi de rexeitamento a que unha institución privada comezase a impartir titulacións universitarias en Galicia; na súa opinión, as aspiracións do CESUGA van en contra da folla de ruta que a propia Xunta de Galicia está fixando ás universidades galegas, en orde á especialización dos campus e a optimización de recursos na oferta académica. As tres universidades galegas fixeron un gran esforzo na especialización dos campus para racionalizar o mapa de graos, e a ampliación do mapa universitario que se propón vai xusto na dirección contraria ao esforzo e eficiencia demostrado nos últimos anos. Os tres reitores consideran un risco dar entrada a unha universidade privada a través do CESUGA, porque pode redundar nunha perda de calidade na oferta de títulos universitarios. O reitor di que se fará todo o necesario para que se lle esixa os mesmos criterios que ás universidades públicas galegas (en orde ao número de estudantes, non duplicidade etc.) e para que non se autorice impartir títulos que xa forman parte da oferta académica das universidades galegas. O reitor sinala que a última palabra a ten a Xunta de Galicia, pero que o conselleiro se comprometeu a que pasen polos mesmos requisitos e criterios que a normativa autonómica esixe para impartir títulos no mapa universitario galego. O reitor lamenta a falta dunha normativa estatal sobre este tipo de centros, e que no seu momento non se chegase a publicar o proxecto de decreto de establecemento de requisitos básicos para a creación, recoñecemento e funcionamento de universidades e centros universitarios. Na súa opinión, unha normativa cada vez máis necesaria, por canto se regulaba a estrutura mínima e unha detida regulación sobre os centros adscritos e a creación de universidades privadas, así como as condicións que deberían reunir cando pretendan impartir ensinanza superior. O reitor remata este apartado dicindo que non se trata de negarse ás iniciativas privadas, senón de defender a calidade do sistema universitario público, e que todas as institucións se sometan ás mesmas regras de xogo.

Continúa informando dos últimos actos institucionais: a visita de Eduardo González Mazo, reitor da Universidade de Cádiz, vencellada ás actividades da rede CEImarnet; salienta a firma dun acordo co obxectivo de poñer en marcha unha oferta complementaria de másters e actividades conxuntas no ámbito do doutoramento.

Dá conta da visita do presidente do Instituto de Estudos de Brasil e Europa. Na súa opinión, é un encontro que permite estreitar lazos e alianzas estratéxicas coa Universidade de Sao Paulo, e de acadar acordos que terán consecuencias positivas para a Facultade Filoloxía e Tradución para os estudos do Grao de Xestión Pública (dobre titulación), para o título propio Deseño e Moda e para o Centro Atlantic.

O reitor termina o seu informe dando conta da visita institucional de don José Manuel Silva Rodríguez, Doutor Honoris Causa da Universidade de Vigo.

**Punto 3.** Informe do comisionado do Campus do Mar sobre a memoria do Campus do Mar do 2º semestre do ano 2013.

O reitor cede a palabra ao comisionado do Campus do Mar, quen dá conta das actividades máis destacadas realizadas nos últimos meses de 2013, así como avanza algunhas liñas de actuación en 2014. O contido do informe recóllese na Memoria que aparece anexa ao presente acta (**Anexo I**). Na súa intervención resaltou: as accións realizadas no ámbito da gobernanza, destacando a posible creación da Fundación do Campus do Mar, o resultado do informe de seguimento do proxecto Campus do Mar, o programa de clústeres de I+D e as novas liñas emerxentes, o proxecto de impulsar doutoramentos do Campus do Mar en ámbitos non científicos; no eido de transferencia de coñecemento a aposta centrada no programa de fomento de accións de cultura emprendedora e o deseño e posta en marcha do programa Emprendemar e o programa COFUND.

Dá conta de como se executaron os fondos, así como os fondos captados polo Campus do Mar (3.028.645 €). O comisionado resaltou a capacidade do Campus do Mar para captar máis fondos dos que utiliza. Opina, que cando o Campus do Mar se dote dunha estrutura xurídica estable será capaz de financiarse con autosuficiencia.

Toma o reitor a palabra para dicir que con esta finalidade, o Consello Reitor decidiu levar adiante a creación dunha fundación da que formen parte todos os socios actuais, para poder estar presentes nos PIC eurorrexionais; e que neste momento os estatutos están en fase de alegación.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da programación conxunta de estudos oficiais (simultaneidade) dos estudos de Grao en ADE e Dereito.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que con estas propostas ofértase a posibilidade de poder cursar de xeito simultáneo os estudos do Grao en Administración e Dirección de Empresas e do Grao en Dereito nos campus de Vigo e de Ourense. O alumnado que supere o programa de simultaneidade ADE-Dereito obterá os dous títulos oficiais de Graduado en Administración e Dirección de Empresas e de Graduado en Dereito. A vicerreitora indica que isto permitirá traballar, tanto no campo empresarial como no xurídico, naqueles postos de traballo nos que a combinación das competencias de ambos campos é especialmente necesaria e valorada.

Continúa dicindo que a primeira das propostas de simultaneidade (campus de Vigo) é unha proposta conxunta das Facultades de Ciencias Económicas e Empresariais e de Ciencias Xurídicas e do Traballo, e que para o curso académico 2014/2015 ofértanse 40 prazas: o 25% destas prazas (10) detraeranse das prazas correspondentes á oferta do Grao en Dereito e o 75% (30) das prazas correspondentes á oferta do Grao en ADE. O número de créditos ECTS a cursar é de 360, repartidos en 5 cursos académicos.

A vicerreitora informa que a documentación relativa á oferta académica e a normativa correspondente, complétase cun estudo relativo á demanda da proposta e con cartas de apoio do sector empresarial, profesional e público.

Respecto á segunda das propostas de simultaneidade (campus de Ourense), a vicerreitora informa que é unha proposta conxunta das Facultades de Ciencias Empresariais e Turismo e de Dereito. Para o curso académico 2014-2015, ofértanse 20 prazas. Estas prazas detraeranse ao 50% das prazas correspondentes á oferta do Grao en Dereito e do Grao en ADE. O número de créditos ECTS a cursar é de 363, repartidos en 5 cursos académicos. Di que a proposta conta, así mesmo, con cartas de apoio do sector empresarial e profesional.

A vicerreitora indica que as propostas foron informadas favorablemente pola COAP. Precisa, que algún membro da COAP fixo constar que consideraba máis conveniente ofertar o programa de simultaneidade soamente nun campus e non nos dous, porque podería existir unha duplicación da oferta académica. A COAP opinou que os graos xa se imparten nos dous campus, e o único que se trata de ofertar e a posibilidade de simultaneizar os dous graos.

Por outra banda, informa de que a COAP, trala análise da normativa presentada, entende que deben eliminarse os artigos 5.1 e 10.2 (sobre organización de grupos docentes e realización de exames) no caso do campus de Vigo e o 8.2 (sobre bolseiros) no caso do campus de Ourense.

Intervén o reitor para informar de que a documentación que se achega coas propostas está a disposición dos membros do Consello de Goberno, e que acompañará ao acordo tomado polo órgano Colexiado. No caso da documentación achegada coa proposta de simultaneidade no campus de Vigo, o reitor felicita aos seus promotores polo traballo e esforzo realizado, tanto na presentación da proposta documentación como nos apoios acadados.

Ábrese unha rolda de intervencións.

Intervén o profesor Jaime Alonso para anunciar o seu voto negativo a unha das propostas; di que xa manifestou a súa reserva na COAP á simultaneidade ADE/Dereito no campus de Ourense, por canto, na súa opinión, a duplicidade pode poñer en perigo a proposta do campus de Vigo.

Intervén a profesora Ana Pita Grandal. Di en primeiro lugar que non comparte a redacción do punto da orde do día; que se trata de aprobar dúas propostas diferentes e, en consecuencia, debían ser diferenciadas. Manifesta que se mostrou aos membros do Consello de Goberno unha documentación que xustifica a oferta de simultaneidade do Grao ADE/Dereito no campus de Vigo, pero que descoñece a documentación que xustifica a aprobación da mesma simultaneidade no campus de Ourense. Antes de dar lectura a un texto, do que solicita que conste en acta, sinala, en referencia ao art. 5.1 da Normativa de simultaneidade, que a organización que se propón no ensino das materias, horario de clases teóricas e prácticas e

horarios de exames foi expresamente aprobado pola Xunta de Facultade da Fac. de Ciencias Xurídicas e do Traballo; que a intención é recoller por escrito o compromiso dos centros implicados, para alcanzar unha organización da oferta académica e curricular do Grao ADE/Dereito que posibilite que os estudantes da Universidade de Vigo poidan competir no mercado de traballo cos estudantes que cursan un programa similar, que actualmente oferta a Universidade da Coruña. Tamén fai consideracións sobre o artigo 10, relativo á avaliación do estudantado. De seguido dá lectura ao escrito, do que solicita que se engada á acta (**Anexo II**).

Intervén o Sr. Federico Pérez Mato, quen toma a palabra para lamentar a ausencia de representantes dos centros responsables da proposta do campus de Ourense (que carecen de representación no Consello de Goberno actual), dadas as alusións, ao seu xuízo, inxustas e con graves cualificativos, que se verteron ao respecto na intervención anterior.

Sinala, que non se está a debater sobre unha proposta de novas titulacións, nin sobre a idoneidade destas, nin tampouco sobre a distribución e o mapa de titulacións, senón sobre unha proposta para simultanear unhas ensinanzas e titulacións que xa se imparten na actualidade nos centros respectivos de ambos os dous campus de Ourense e Vigo; e que xa pasaron, tanto as titulacións impartidas coma as propostas actuais, os filtros de calidade e idoneidade correspondentes.

Engade, que os traballos previos que se puideran realizar para analizar a viabilidade das devanditas propostas, non son indicativos da calidade académica destas nin abordan os devanditos aspectos; que, en todo caso, estarán en relación coa calidade respectiva que acheguen ás titulacións actuais nos devanditos centros, dado que se trata de propostas de simultaneidade.

Continúa dicindo, que o feito de que se puidesen citar, por parte dalgúns, aspectos e datos dos traballos previos doutros como se indicou na intervención anterior, se este feito se produciu, cousa que ignora, non lle parece en absoluto reprochable se a cita e os datos se manexaron con rigor e na forma e contexto axeitados.

Con respecto ás referencias históricas que se citan e as alusións a posibles duplicidades, sinala que historicamente a titulación de Dereito se implantou inicialmente no campus de Ourense, e a duplicidade, se existe, virá dada pola decisión posterior no tempo e á diacronía dos feitos de implantar unha nova titulación de Dereito Económico no campus de Vigo, actualmente Graos en Dereito en ambos centros e en ambos campus. En todo caso, insiste en que non se trata de novas titulacións.

Di que non entende que para defender as propostas propias se recorra a denigrar as alleas, recurso que, cando se utiliza, adoita ser indicio de escasa confianza no que se propón e defende deste modo.

Finaliza dicindo que, na súa opinión, ambas as dúas propostas teñen viabilidade e idéntico dereito a ser implantadas e favorablemente consideradas coas súas concomitancias e as súas especificidades; que responden tamén á particular orientación estratéxica de ambos os dous campus e á realidade académica e física destes, que, no caso dos centros radicados no campus de Ourense, contan ademais coa particularidade de compartir a mesma edificación e instalacións anexas, o que irá en beneficio da proposta de simultaneidade, independentemente de que o número de prazas ofertadas chegue a permitir ou non configurar un grupo específico.

Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, para dicir que quere que conste en acta o seu persoal rexeitamento ás palabras da profesora Ana Pita Grandal relativas a posibles actos de ocultación ou engano, e pide o máximo respecto para o traballo realizado polo seu equipo.

Coincide coa profesora Ana Pita Grandal en que as matemáticas son unha disciplina importante en ADE, pero debe quedar claro que a proposta de ADE/Dereito efectuada polos respectivos centros do campus de Ourense non ten tachas de legalidade.

Polo que se refire á documentación á que a profesora Ana Pita facía alusión na súa intervención, esta foi recibida polo reitor e do reitor pasou directamente á vicerreitora. A devandita documentación está formada polo plan de estudos, pola normativa de simultaneidade e por numerosas cartas de apoio, polo que dado o volume destas, se considerou máis axeitado facer referencia a elas no Consello de Goberno, como así se fixo mostrando os exemplares enviados. Considera unha ofensa para o seu equipo de traballo a acusación dunha posible filtración.

Intervén o reitor para dicir que el e o seu equipo de goberno o que pretenden é o mellor para a institución, e que non se pode incorrer en confusión de obxectivos, normativa e oferta cualitativa de títulos. Que se está a falar de dúas propostas que se presentaron por separado; que os distintos centros teñen dereito a presentar ofertas de simultaneidade e que é competencia do Consello de Goberno decidir se a oferta é ou non axeitada, porque considere que hai algunha ineficiencia ou porque non se cumpran as esixencias de demanda social. Se existe esta demanda, deben aproveitarse a sinerxias entre os estudos que se poidan compartir, outra cousa é falar de novos títulos. Polo momento, trátase do primeiro chanzo para cooperar na oferta interna. Di que se se mostran eficientes na simultaneidades, pódese avanzar en titulacións de carácter dobre cumprindo todas estas exixencias. Que é certo que a dobre titulación é unha débeda co campus de Vigo e que, chegado o momento, o seu equipo de goberno apoiará de modo claro.

Seguidamente, o reitor di que concederá unha segunda quenda de palabra antes de proceder á votación; pide que ás intervencións se cingan ás características da simultaneidade dos títulos.

Intervén a profesora Ana Pita Grandal para dicir que se tivese tido coñecemento a tempo de que no campus de Ourense se propoñía a simultaneidade, se podería ter chegado a unha negociación. Responde ao Sr. Federico Pérez Mato que nas súas palabras non hai falta de consideración para a Facultade de Dereito de Ourense que, en todo caso, é unha chamada de atención. Que a idea de traer a Vigo unha titulación con perfil económico empresarial respondía ás demandas da cidade; que o campus esta perdendo a oportunidade de introducirse en sectores moi atractivos e non o está a facer.

Responde o Sr. Federico Pérez Mato que celebra que a profesora Ana Pita Grandal afirme que non fose esa a súa intención, pero que polo contido das súas palabras lle pareceu outra cousa. Engade que non desexa polemizar, que nas súas palabras non houbo orientación nin xuízo persoal e que o que tiña que dicir ao respecto estaba xa reflectido na súa intervención anterior, non obstante, que o exceso de documentación avala a calidade da proposta e que a enviada polos centros de Ourense obtivo o apoio de amplos sectores da cidade, porque responde a unha demanda local.



Intervén a vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións para dicir que o feito de que se conteste ás consultas que se fan á Vicerreitoría non significa necesariamente o beneplácito da vicerreitora; o que se pretende é ofrecer a información que se solicita.

Intervén novamente a profesora Ana Pita Grandal: opina que na proposta de Ourense debería eliminarse o artigo 15, relativo á obtención dun diploma. Acéptase a supresión.

Procédese á votación por separado:

A) Proposta de simultaneidade dos graos ADE-Dereito no campus de Vigo:

Votos a favor: 31  
Votos en contra: 1  
Abstencións : 1

B) Proposta de simultaneidade dos graos ADE-Dereito no campus de Ourense:

Votos a favor: 27  
Votos en contra: 2  
Abstencións : 2

Apróbanse por maioría as propostas de simultaneidade dos graos ADE-Dereito no campus de Vigo e no campus de Ourense (**Anexo III**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa aos membros do Consello de Goberno de que tomando como base a normativa do curso 2013/14, proponse aumentar os recoñecementos en POD en varios apartados e introducir outros novos. Concretamente:

A) No apartado de recoñecementos asignados como apoio á actividade docente dos centros: duplícanse as horas de apoio á organización dos Traballos Fin de Grao e auméntanse as horas en concepto de apoio á tutela de prácticas curriculares (prácticum).

B) No apartado de recoñecementos asignados como apoio ás titulacións de máster con repercusión en POD, asígnase unha bolsa de horas como apoio a tarefas ou actividades relacionadas coa actividade académica do máster.

C) No apartado de recoñecementos asignados como apoio individual á actividade docente:

- Introdúcese un novo recoñecemento para o PDI que exerza labores de titorización e seguimento a estudantes con discapacidade.

- Ao abeiro do Plan de internacionalización lingüística da Universidade de Vigo, establécese un recoñecemento docente pola impartición de materias en lingua inglesa en titulacións nas que esta lingua non sexa vehicular.
- Fíxase un recoñecemento directo aos directores dos Traballos de Fin de Máster.
- Fíxase un recoñecemento pola coordinación dos programas de doutoramento regulados polo Decreto 99/2011.

D) No apartado de programas de doutoramento, outorgase unha bolsa de horas ao programa en función do número de estudantes matriculados e das teses de doutoramento.

A continuación interveñen varios membros do Consello de Goberno.

A profesora Edita de Lorenzo opina que os recoñecementos aínda son insuficientes, en particular os relativos á docencia en inglés. Di que as tarefas de coordinación e as ligadas á calidade realizadas nos centros non están suficientemente recoñecidas.

A profesora Ana Pita Grandal solicita unha aclaración relativa ao apartado de recoñecemento por labores de titorización e seguimento a estudantes con discapacidade. A vicerreitora di que non ten efectos retroactivos.

A profesora Ana Pita Grandal solicita, respecto ao apartado 2.4.c, que se estude o número de horas asignadas aos programas de doutoramento en función do número de teses lidas. Di que se asigna un recoñecemento de 10 horas por cada unha das teses a partir da undécima e considera excesivo o número de teses exixidas para o devandito recoñecemento.

O profesor Bienvenido Diez dá lectura a un comunicado de UGT, que di o que segue:

“Como representante sindical de PDI quero deixar constancia de que ningunha central sindical apoiou a proposta de Normativa de recoñecementos en POD, a cal non se someteu á revisión que merecera. UGT se desvincula, e pensamos que o resto dos sindicatos, das consecuencias que esta programación docente poida traer consigo (estabilidade do profesorado, cargas docentes excesivas, graves desequilibrios, etc.).

Sinalamos que as desgravacións apenas se tocaron, contrariamente ao expresado polo equipo reitoral en sesión de Consello de Goberno, e que a normativa non contou co apoio de ningunha central presente na Mesa de PDI”.

A vicerreitora matiza que tivo o apoio de AGPTU e que CCOO se abstivo.

A profesora Belén Rubio valora positivamente o aumento de recoñecementos, pero discrepa nunha cuestión importante: o feito de que as horas outorgadas por sexenio sexan diferentes en función do campo CNEAI. Indica, que isto fai que desde o ámbito científico se perciba que os sexenios obtidos teñen un valor inferior aos obtidos no resto dos ámbitos. Solicita que se elimine o apartado 10.e, de non eliminarse, anuncia o seu voto en contra.

Nese punto, a vicerreitora indica que a diferenza por campos CNEAI foi introducida como un incentivo para os campos ou ámbitos, onde o número de sexenios ven sendo inferior.

A profesora Mercedes Suárez, en relación coa intervención da profesora Belén Rubio, di que nos departamentos do ámbito científico constátanse, en xeral, folgas docentes, mentres que noutros ámbitos, en particular no xurídico social, ocorre todo o contrario e, ademais, é onde se concentra en gran medida o profesorado con intensificación docente.

Intervén o reitor para dicir que está de acordo coa intervención da profesora Mercedes Suárez, pero que as limitacións económicas e os últimos decretos do goberno central minguaron as posibilidades de reducir as asimetrías entre ámbitos de coñecemento.

Votación:

Votos a favor: 25

Votos en contra : 2

Abstencións: 3

Apróbase por maioría a normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2014/15 (**Anexo IV**).

**Punto 6.** Aprobación, se procede, das normas básicas de POD do curso 2014/15.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que cada curso académico se aproban as normas de tipo xeral para a confección do POD. Estas normas recollen as condicións para a saída de prazas a concurso, a contratación de profesorado visitante, a inclusión en POD de persoal contratado en programas de investigación, a posible utilización de “listas de agarda” etc.

Para o curso 2013/14, estes criterios foron debatidos na Mesa de PDI e aprobados en Consello de Goberno. Con respecto a cursos anteriores, incorporouse a posibilidade de aplicar a mobilidade entre campus e suprimiuse a posibilidade de recorrer ao uso de horas extraordinarias.

Para o curso 2014/15, propónse non modificar os criterios anteriores.

Intervén a profesora Rosa Pérez para preguntar se se pode dar docencia por encima da súa dedicación no POD.

Responde a vicerreitora que non é posible dar unha resposta xeral e que habería que analizar o caso particular.

Apróbanse por asentimento as normas básicas de POD do curso 2014/15 (**Anexo V**).

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da modificación puntual dos programas de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química e en Láser, Fotónica e Visión.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, quen informa de que se trata de dous programas de doutoramento coordinados pola USC. As propostas puntuais de modificación foron presentadas na Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria pola universidade coordinadora. A Consellería solicita o informe favorable dos consellos de goberno e consellos sociais das universidades participantes.

As modificacións propostas son as seguintes:

- Programa de doutoramento en Ciencia e Tecnoloxía Química (USC, UVI): inclusión da subliña de investigación “Nanografenos por aproximación ascendente: sínteses, propiedades e aplicacións” dentro da liña de investigación Química Orgánica.
- Programa de doutoramento en Láser, Fotónica e Visión (USC, UVI, UDC): propónse a ETS de Enxeñaría de Minas como centro responsable na UVI e propónse modificacións puntuais nas actividades formativas.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 8.** Aprobación, se procede, de modificación de tarifas do CITI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa que se somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados polo Centro de Investigación, Transferencia e Innovación de Ourense (CITI), co obxecto de incluír o servizo de utilización do laboratorio complementario do centro, que non se encontraba contemplado nas tarifas aprobadas no seu momento cos orzamentos da Universidade.

Informa que a modificación que se somete a aprobación foi previamente aprobada pola Comisión de Investigación o 30 de xaneiro de 2014.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

**Punto 9.** Aprobación, se procede, de modificación de tarifas do CACTI.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen informa que se somete a aprobación a modificación puntual das tarifas dos servizos proporcionados polo Centro de Apoio Científico e Tecnolóxico á Investigación (CACTI), concretamente no relativo á corrección de unhas erratas detectadas nas tarifas aprobadas no seu momento cos orzamentos da Universidade.

Informa que a modificación que se somete a aprobación foi previamente aprobada pola Comisión de Investigación o 30 de xaneiro de 2014.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da Convocatoria de Axudas á Investigación do ano 2014.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación, quen comeza dicindo que a convocatoria de axudas á investigación que se propón segue unha liña similar á do ano 2013, manténdose en liñas xerais os mesmos apartados e conceptos de axuda. Que se prestou en todo momento especial atención ao apoio ao persoal en formación (bolsas, contratos e axudas de mobilidade), o que se reflexa no feito de que aproximadamente o 76% do orzamento destinado a axudas de investigación, oriéntase especificamente ao persoal en formación. Engade, que tamén se incide no equilibrio entre ámbitos de coñecemento na concesión das axudas, de modo que os mellores candidatos de cada ámbito poidan ser adxudicatarios.

Destaca que os aspectos máis significativos que varían con respecto á convocatoria do ano 2013 son os seguintes:

- No apartado de contratos-programa con grupos de investigación, mantense a estrutura xeral, importe e duración das axudas da convocatoria anterior. Adicionalmente, faise referencia explícita á normativa vixente de grupos de investigación da Universidade de Vigo, e contéplase a inclusión na resolución dunha lista de espera para a previsión de grupos suplentes en caso de renuncias ou de rescisión de axudas nos primeiros meses de goce das mesmas.
- Nas Axudas a Proxectos Internacionais de I+D, ampliáanse as actividades financiáveis á participación nos “info days” organizados para algunha das chamadas do programa Horizon 2020, dentro das “Axudas á preparación de Proxectos Internacionais”, e contéplase o financiamento de asistencia a reunións, e non só de cotas de participación, para as “Axudas á participación en redes Internacionais de I D”.
- No programa de bolsas e axudas á formación, considéranse as mesmas modalidades de axuda (becas de colaboración para alumnos de máster, axudas predoutorais e becas de colaboración en centros de investigación). No caso das becas de colaboración para alumnos de máster, coa mesma dotación total que en 2013, redúcense as horas de dedicación ao traballo en grupos de investigación esixidas aos bolseiros, coa conseguinte redución na retribución individual asignada. Así, auméntase o número de becas dispoñibles ata un total de 21, cun importe de 5.000 euros cada unha.

A vicerreitora expón, que en todos os casos se intentou clarificar ao máximo a documentación necesaria para a solicitude, os criterios de avaliación e os tempos de dotación e de gasto das axudas.

Sinala a vicerreitora, que con obxecto de adaptarse aos procedementos de tramitación económica da Universidade, se incide especialmente en que as actividades financiadas sexan realizadas dentro do ano 2014.

Para rematar, indica que a convocatoria que se presenta foi aprobada en Comisión de Investigación de 30 de xaneiro de 2014.

Ábrese unha quenda de intervencións.

Intervén o Prof. Bienvenido Diez para dicir que ante a imposibilidade de acceder ás axudas de investigación, a central sindical UGT solicita a posibilidade de habilitar unha partida de fondos para asistencia a congresos a investigadores sen proxectos ou produción científica.

Responde a vicerreitora de Investigación que se pode valorar, pero se o profesor senior non ten proxectos de investigación hai outras facilidades. Que non lle consta ningún caso dramático de solicitudes, que esta filosofía foi ben recibida.

Intervén o reitor para dicir que se pode estudar accións de estímulo fóra das convocatorias de investigacións xenéricas; que se tomará en consideración.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, do Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e cooperación.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais para presentar a proposta de novo Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación. Subliña que, tras un tempo prudencial de adaptación aos novos estudos de grao na nosa Universidade e unha vez vistas as diferentes casuísticas formuladas ao longo deste tempo, cómpre regular as actividades concretas obxecto do recoñecemento, así como establecer o procedemento que regule as citadas actividades mediante un texto refundido e actualizado que substitúa aos anteriores aprobados polo Consello de Goberno da Universidade de Vigo. Asemade, a nova normativa pretende fomentar no estudantado a súa participación en actividades que a institución considera estratéxicas, como a aprendizaxe de linguas, a representación estudiantil nos órganos de goberno da universidade, a práctica deportiva e as actividades de voluntariado e cooperación.

Por outra banda, o vicerreitor lembra aos membros do Consello de Goberno o cambio conceptual en canto ao recoñecemento de actividades, consecuencia da implantación do ECTS: pasando do recoñecemento duns créditos de materias de libre elección ou actividades asimiladas a estas, a un recoñecemento do traballo real do estudantado en actividades universitarias de tipo transversal, agora como créditos optativos de calquera titulación tendo en conta a dedicación real do estudantado.

O vicerreitor subliña que a proposta foi informada favorablemente pola Asesoría Xurídica e a Comisión de Extensión Universitaria. Tamén indica que na derradeira xuntanza desta comisión, introduciuse na proposta presentada perante ó Consello de Goberno unha modificación no Artigo 9.3 a proposta do vicerreitor, co obxecto de incluír nomeadamente ó Tribunal de Garantías entre os órganos colexiados, onde o estudantado ten representación. Deste xeito, o devandito punto queda redactado como segue:

3. Recoñecerase 1 crédito por curso académico pola pertenza ao Consello Social, Tribunal de Garantías, Consello de Goberno, Xunta de Centro ou Titulación, ou Consello de Departamento.

Así mesmo, o vicerreitor indica que unha vez analizada a proposta de emenda ao Art. 9, enviada por correo electrónico aos membros do Consello de Goberno por D. José Ángel Álvarez Moreira (**Anexo VIII**), o equipo de goberno reitérase na redacción contida na proposta inicial coa modificación indicada máis arriba en relación ao Tribunal de Garantías.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O representante do estudantado, D. José Ángel Álvarez Moreira, toma a palabra. Subliña que ao seu parecer a redacción inicial do Art. 9 pode dar orixe a situacións de inxustiza ao non corresponderse o número de créditos recoñecidos por representación estudantil co número de sesións efectivas ás que asiste un/unha estudante dun órgano colexiado dado.

Por outra banda, o Sr. Álvarez tamén solicita que se retire o Art. 5.3 da normativa, xa que ao non recoñecerse fraccións de crédito, pode dar lugar á picaresca de incrementar artificialmente as horas dunha actividade para chegar ó mínimo número de créditos recoñecibles (**Anexo VIII**).

O vicerreitor contesta que o recoñecemento de fraccións de crédito por representación, que pode chegar a décimas de crédito nalgún dos supostos da proposta do Sr. Álvarez, complica innecesariamente a xestión sen supoñer un beneficio real cara o estudantado en canto ao recoñecemento da súa dedicación real ás tarefas de representación.

En canto á solicitude de retirar o Art. 5.3, o vicerreitor resposta que non considera oportuno regulamentar de xeito preventivo asumindo a picaresca dos membros da comunidade universitaria e que, en todo caso, o fundamento de dito punto está en garantir que as actividades a recoñecer que non estean explicitamente recollidas no regulamento proposto teñan unha mínima entidade, é dicir, que requiran alomenos 30 horas de traballo efectivo do estudantado.

Intervén o Sr. Ivan Veleiro, en representación do estudantado, quen insiste na rixidez de non contemplar o recoñecemento de actividades que non se correspondan cun número enteiro de créditos, e propón varias emendas de modificación:

No artigo 5, punto 2: solicita eliminar o final do artigo:... e o número de actividade acumuladas non sexa superior a 3.

No artigo 7, punto 3: solicita que se teñan en conta os medios créditos a partir do primeiro crédito ECTS, e dicir, que se teñan en conta os 1,5, 2,5, 3,5 e sucesivos.

No artigo 7, punto 4: solicita engadir: .... ou asistencia a outros cursos, seminarios, congresos, etc...,

No artigo 7: solicita engadir o punto 5: Participación na organización de actividades culturais dentro da Universidade de Vigo ou coorganizadas con a Universidade de Vigo, sempre que se acredite unha asistencia regular as sesións de planificación e desenvolvemento. 1 ECTS por 30 horas computables.

No artigo 9, punto 3: agradece ao vicerreitor de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, que engadira o Tribunal de Garantías.

No artigo 9, punto 6: solicita que non se teña en conta o 75% de asistencia ás sesións do Claustro Universitario.

Prodúcese un debate entre o representante do estudiantado e o vicerreitor. O vicerreitor informa que o artigo 5.3 pretende que non se recoñezan actividades cunha carga menor dun crédito, e non que non se recoñezan actividades que non teñan un número enteiro de créditos. Finalmente acórdase incluír as seguintes modificacións adicionais:

No artigo 5.2: Elimínase o final da última cláusula, quedando a redacción como segue:

*2. O estudiantado poderá acumular horas de traballo de actividades da mesma natureza («cultural», «deportiva», «de representación estudantil», «solidaria ou de cooperación» ou «formación en idiomas») ata acadar un mínimo de 30 horas, sempre que as citadas actividades requirán individualmente máis de cinco horas de traballo do alumnado.*

No artigo 5.3: Modifícase a redacción para aclarar o seu sentido segundo o indicado anteriormente. A redacción queda como sigue:

*3. En ningún caso recoñeceranse actividades universitarias individuais que requirán unha dedicación efectiva do estudiantado menor de 30 horas (1 crédito).*

Artigo 7.4.: Modifícase a redacción para aclarar o significado de “participación” nunha actividade universitaria cultural, quedando a redacción como sigue:

*4. Participación como asistentes ou na organización ou desenvolvemento doutras actividades culturais organizadas ou coorganizadas pola Universidade de Vigo, a criterio da vicerreitoría con competencias en extensión universitaria tras o informe vinculante da Comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes. Recoñecerase 1 crédito por cada 30 horas computables. A Comisión de Extensión Universitaria fará públicos os criterios utilizados para cualificar unha actividade concreta ou un tipo de actividades como susceptibles de recoñecemento.*

No artigo 9.6: Elimínase a referencia ó punto 4 do mesmo artigo, dada a natureza e número das sesións do Claustro Universitario, quedando a redacción como segue:

*6. Os recoñecementos recollidos nos puntos 3 e 5 requirirán a asistencia, cando menos, ao 75 % das sesións convocadas.*

Finalmente intervén o reitor para propoñer a aprobación por asentimento da proposta de Regulamento de recoñecemento de créditos por realizar actividades universitarias culturais, deportivas, de representación estudantil, solidarias e de cooperación, coas emendas referidas.

Apróbase por asentimento (**Anexo IX**).



**Punto 12.** Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. Andrea Seoane-Pampín González, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Fac. de CC. da Educación e do Deporte.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Profesorado, Organización Académica e Titulacións, quen informa que o recurso de alzada refírese á materia “Introdución á Xeografía” de 2º curso da Diplomatura en Educación Infantil.

Informa, que presentada solicitude de admisión a trámite de avaliación curricular, esta non foi admitida a trámite polas comisións correspondentes. Ante a inadmisión, presentouse recurso ante a Xunta de Centro, que ratificou a decisión.

Presentado recurso de alzada a dita inadmisión, corresponde a súa consideración polo Consello de Goberno. Trala aplicación dos criterios establecidos polo Consello de Goberno de 27 de xaneiro de 2005 para este tipo de casos, a COAP na súa última sesión do pasado día 10 de febreiro, decidiu informar desfavorablemente a admisión do recurso, ao non alcanzar a alumna a nota de corte establecida para esa materia segundo ditos criterios, que teñen en conta as cualificacións medias da materia dos últimos cursos e a relación de aprobados/matriculados para establecer un índice de dificultade de superación.

Neste caso, a nota de corte da materia é 4,0 puntos e a nota máis alta acadada pola alumna é 2,2 puntos.

Apróbase por asentimento desestimar o recurso de alzada presentado por Dna. Andrea Seoane-Pampín González, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Fac. de CC. da Educación e do Deporte.

**Punto 13.** Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada presentado por Dna. M<sup>a</sup> Teresa Vilas Cubela, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Fac. de CC. da Educación e do Deporte.

O reitor cede a palabra a vicerreitora de Profesorado, Organización Académica e Titulacións, quen informa que o recurso de alzada refírese á materia “Introdución á Xeografía” de 2º curso da Diplomatura en Educación Infantil.

Presentada solicitude de admisión a trámite de avaliación curricular, esta non foi admitida a trámite polas comisións correspondentes. Ante a inadmisión, presentouse recurso ante a Xunta de Centro, que ratificou a decisión.

Presentado recurso de alzada a dita inadmisión, corresponde a súa consideración polo Consello de Goberno. Trala aplicación dos criterios establecidos polo Consello de Goberno de 27 de xaneiro de 2005 para este tipo de casos, a COAP na súa última sesión do pasado día 10 de febreiro, decidiu informar desfavorablemente a admisión do recurso, ao non alcanzar a alumna a nota de corte establecida para esa materia segundo ditos criterios, que teñen en conta as cualificacións medias da materia dos últimos cursos e a relación de aprobados/matriculados para establecer un índice de dificultade de superación.

Neste caso, a nota de corte da materia é 4,0 puntos e a nota máis alta acadada pola alumna é 3,1 puntos.

Acórdase desestimar o recurso de alzada presentado por Dna. M<sup>a</sup> Teresa Vilas Cubela, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Fac. de CC. da Educación e do Deporte.

**Punto 14.** Toma en consideración, se procede, do recurso de alzada interposto polos profesores do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, D. Antonio González Fernández e outros, contra os acordos da COAP dos días 20 e 27 de maio de 2013.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que se trata dun recurso de alzada presentado polos profesores Antonio González Fernández, Xosé Manuel Cid Fernández, María Lameiras Fernández e José María Faílde Garrido, profesores e profesora do Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, contra os acordos da COAP do 20 e 27 de maio de 2013, desestimatorio do recurso de alzada contra acordos adoptados polo Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, adoptados nas reunións de 4 de abril e 8 de maio de 2013, nos que se aprobaron os criterios de asignación de materias para a aprobación do Plan de ordenación docente do curso académico 2013.2014.

Sinala que os recorrentes solicitan:

1. Que se anule o acordo adoptado pola COAP, con data de 7 de xullo, por carecer de motivación suficiente e, en consecuencia, vulnerar os arts. 54 y 63 de la LPA.

2. Que se revoquen os acordos adoptados polo Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, adoptados nas reunións de 4 de abril e 8 de maio de 2013, polos que se aproban os criterios de asignación de materias para a aprobación do Plan de Ordenación Docente do curso académico 2013.2014, así como o reparto de materias en POD, aprobados na súa sesión de 14 de maio, e que foron aprobados pola sesión da COAP, que tivo lugar o día 27 de maio de 2013, segundo eses mesmos criterios.

A secretaria xeral engade que no recurso tamén se contempla unha solicitude en relación a saída de prazas a concurso, pero este punto non foi tratado no seu momento na COAP nin nos acordos que se impugnan, que o tema de litixio se refire unicamente aos criterios de asignación de materias no POD no curso 2013-2014.

A secretaria xeral informa que de conformidade co artigo 6.4 da Lei Orgánica de Universidades e do artigo 24.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, por tratarse da impugnación dun acto dun órgano colexiado que non esgota a vía administrativa, a competencia correspóndelle ao Consello de Goberno coñecer do recurso presentado contra o acordo da COAP que se impugna.

Continúa dicindo que de acordo coa documentación que obra na Asesoría Xurídica, despréndense os seguintes antecedentes:

1º. Na sesión ordinaria do Consello de Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, de 4 de abril de 2013, tratouse como un punto da orde do día a “Aprobación dos criterios para a asignación de materias no POD, no curso 2013/2014”.

Foron debatidos os criterios para asignación de materias en POD no curso 2013/2014, e segundo figura na acta, sometéronse a votación dúas propostas:

1. Categoría e antigüidade.
2. Especialidade científica-académica do profesor.

Apróbase a proposta número 2 por maioría (24 votos a favor), mentres que a proposta número 1 ten 7 votos a favor.

2º. Na sesión extraordinaria do Consello de Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, de 8 de maio de 2013, a orde do día tiña o seguinte punto único, con tres apartados:

1. Aprobación, se procede, do desenvolvemento dos criterios de asignación de materias ao profesorado do Dpto. AIPSE (POD 2013/14).
2. Aprobación, se procede, do listado de materias asociadas a especializacións científico-académicas no POD 2013-14.
3. Aprobación, se procede, dos criterios de elección de materias dunha mesma especialización científico-académica polos docentes desa especialización.”

En relación o primeiro punto, e segundo consta na acta, acórdase unha votación secreta sobre un texto que recolle o criterio de que a especialización científica académica dos docentes para impartir docencia vén dada para cada uno de los profesores en litixio en atención ao último proceso selectivo no que teña participado o docente desenvolto por cada unha das oito áreas que constitúen o Departamento. A continuación desenvólvense como asignar as materias no caso que non existisen docentes suficientes no Departamento coa especialización científico-académica requirida para impartir materias da súa especialización, ou que existisen docentes cunha especialización científico-académica que non dispoñen de materias suficientes da súa especialización científico-académica para impartir docencia.

Este apartado foi votado por separado, e o resultado da votación é: Apróbase por maioría. (22 votos a favor, 8 votos en contra e 1 abstención).

En relación o segundo punto “Aprobación do listado de materias asociadas a especializacións científico-académicas no POD 2013-14”, a proposta que se somete a votación e que esta asignación de materias sexa a mesma que se estableceu no curso pasado. O resultado da votación foi a aprobación por maioría da proposta presentada (23 votos a favor, 6 votos en contra, 2 abstencións)

En relación ao terceiro punto “Aprobación dos criterios de elección de materias dunha mesma especialización científico-académica polos docentes desa especialización”, proponse, tal como se recolle na acta, que “os criterios de elección de materias a impartir entre un grupo de

profesores/as como mesma especialización científico-académica sexa: o consenso entre o grupo de profesores/as co mesma especialización científico académica. Deste xeito, espérase que moitas das materias do Dpto. AIPSE deixen de estar en litixio entre docentes de diferentes especializacións, e aquelas outras que o estean por ser reclamadas por docentes de varias especializacións científico-académicas diferentes serán asignadas por votación da maioría dos compoñentes do Dpto. O resultado da votación foi a aprobación por maioría. (22 a favor, 1 en contra, e 4 abstencións).

3º.- Con data 13 de maio de 2013 foi presentado un recurso polo profesor Antonio González Fernández (e outros) no que solicitan que se revoquen os acordos do Consello de Dpto. de 4 de abril e 8 de maio de 2013.

4º.-Ante esa reclamación, foi solicitado un informe ao Departamento sobre os criterios de asignación de materias. Con data 27 de maio de 2013, a COAP, analizada a reclamación e o informe, desestima a reclamación presentada. Con data 7 de xuño de 2013, a Vicerreitora de Organización Académica e Profesorado traslada o acordo da COAP sobre este asunto.

5º.-Con data 5 de xullo de 2013, o profesor Antonio González Fernández (e outros) solicitan que se anule o acordo da COAP por carecer de motivación suficiente, que se revoguen os acordos do Consello de Dpto. AIPSE do 4 de abril e 8 de maio de 2013.

A secretaria xeral resume as alegacións feitas polos recorrentes e o ditame emitido pola Asesoría Xurídica, por canto consta na documentación posta a disposición ao Consello de Goberno copia do recurso presentado e o informe ao que se fará referencia:

1. Respecto a alegación dos reclamantes de falta de motivación do acordo da COAP por vulnerar o art. 54 da Lei 30/1992, do 26 de novembro. A secretaria xeral expón que o informe da Asesoría Xurídica di que este motivo debe ser desestimado. Que tal como aparece na Resolución da vicerreitora de Organización Académica, Profesorado e Titulacións, a motivación susténtase no informe que do Dpto., no que explica detalladamente o proceso de toma de acordos que conduce á aprobación dos criterios, e que a COAP estima xustificado adecuadamente e así o acolle no seu acordo. Conforme ao art. 89.5 da Lei 30/1992, *“la aceptación de informes o dictámenes servirá de motivación a la resolución cuando se incorporen al texto de la misma”*.
2. Respecto á alegación de descoñecemento do primado de aplicación dos criterios de “categoría e antigüidade” na función pública para proceder o reparto das materias, a secretaria xeral dá conta de que, como vén sendo recollido en informes reiterados da Asesoría Xurídica sobre esta materia, que na normativa xeral non aparecen recollidos os criterios para distribuír as obrigas docentes por parte do Consello de Departamento, de modo que lle corresponde a este fixar eses criterios. Que ben é certo que a estes efectos, a xurisprudencia ten asentado os criterios de xerarquía e antigüidade. Agora ben, que iso non significa que tales criterios deban ser os únicos a ter en conta polo Consello de Departamento. Así, os Tribunais avalan a legalidade da aplicación doutros criterios ao lado dos de categoría e antigüidade. Sobre este aspecto, o informe xurídico trae a colación as Sentenzas 825/2009, de 8 de outubro e a 808/2010, de 30 de xuño (tamén citada polos recorrentes), do Tribunal Superior de

Xustiza de Galicia, ambas ditadas en recursos de apelación nos que foi parte a Universidade de Vigo.

3. Que tampouco puido acollerse a argumentación esgrimida pola parte apelante, en canto a que se infrinxe así mesmo o criterio asumido conforme ao art. 28 de minimizar o número de profesores por materia e grupo, pois a parte apelante, se acolle a un suposto excepcional para negar se cumpra o citado criterio.
4. Respecto a legalidade dos acordos tomados polo Consello de Departamento de AIPSE, nas súas sesións de 4 de abril e 8 de maio de 2013; o informe da Asesoría Xurídica recolle que tal como consta nas actas, os acordos foron tomados por maioría de votos, non apreciándose vicio de forma ou procedemento na adopción dos mesmos, non sendo tampouco alegado polas persoas recorrentes.
5. Respecto a se o contido dos acordos se axustan ou non á legalidade vixente, o informe sinala o que segue:

En relación ao acordo de adoptar o criterio da especialización científico académica do profesor adoptado no Consello de Departamento de 4 de abril de 2013. O ditame de asesoría xurídica sinala que e axustado a dereito por canto o criterio da “especialización docente” ven recollido, xuntamente cos de categoría e antigüidade, no artigo 95.2 da lei 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia (non vixente na data dos acordos impugnados, pero que serve de marco de referencia para valorar que o criterio adoptado vai na liña do que posteriormente se recolle normativamente).

En relación a que o criterio de que se equipare “a especialización científico-académica coa área de coñecemento pola que se foi nomeado ou contratado pola Universidade no último contrato. O informe di que a concreción sobre a aplicación do criterio de especialización foi adoptado polo Consello de Departamento que adopta os seus acordos en base á regra da maioría, e neste caso adoptouse coa necesaria maioría de votos, e que a este órgano colexiado a quen lle compete fixar eses criterios, formando a súa vontade como órgano colexiado e como así se fixo no presente caso. O informe engade as razóns polas que este criterio non vulnera os principios de igualdade, mérito e capacidade, que ao longo de todo o texto do recurso os recorrentes invocan a súa necesaria aplicación.

En relación as alegacións de que e a docencia ven asignada ao departamento e non a unha área, e que non se pode defender que as materias pertencen a determinadas áreas, que existe afinidade entre tódalas áreas do departamento AIPSE, insistindo no argumento en que defender a non afinidade de certas áreas do departamento en base a supostos criterios científicos non se axusta á legalidade. O informe da asesoría xurídica sinala que segundo o establecido no art. 71 da LOU a área segue tendo valor xa que a propia LOU reconece a área na RPT como instrumento definidor dos postos de traballo docentes, e que a falta de cumprimento de tal mandato na nosa e outras Universidades, non pode conlevar a consecuencia da eliminación da área como elemento definidor polo menos nas Resolucións de saída a concurso da praza, xa que en atención aos principios de mérito e capacidade é o elemento definidor principal do perfil da docencia da praza. Neste senso, a

superación por concurso público dos correspondentes procesos selectivos amosa a capacidade docente en relación cunha área determinada do departamento, o cal significa unha concreción das habilidades docentes para desempeñar a docencia en materias caracterizadas polos elementos definidores dunha área de coñecemento.

A referencia á áreas no artigo 71 non se pode ver superada polo feito de que agora a organización dos departamentos non se refira a áreas senón ao concepto mais xenérico de ámbitos de coñecemento no artigo 9, xa que ven a implicar a concorrencia de campos específicos do coñecemento que pola súa proximidade científica poden ser coordinados por un departamento (que non tería por que impedir que eses distintos campos se sigan identificando ou artellando en torno a áreas):

“Los departamentos son las unidades de docencia e investigación encargadas de coordinar las enseñanzas de uno o varios ámbitos del conocimiento en uno o varios centros, de acuerdo con la programación docente de la universidad, de apoyar las actividades e iniciativas docentes e investigadoras del profesorado, y de ejercer aquellas otras funciones que sean determinadas por los estatutos.”

Pois ben, sobre as áreas, a Sentenza 825/2009, de 8 de outubro, antes referida di o seguinte: *“En realidad, partiendo de la base de que, en la actualidad, ningún profesor cuenta con el derecho de impartir una asignatura concreta, pues ningún docente es hoy titular de una asignatura en especial, sino responsable de la impartición de su área de conocimiento y especialidad, no puede pretender, con base en los principios que aduce, elegir determinados créditos o un reparto de los mismos conforme a su criterio.”*

É dicir, recalca que é responsabilidade do docente a impartición da súa área de coñecemento e especialidade.

Como xa se apuntaba antes, os principios de mérito e capacidade (aos que reiteradamente se refire o recurso) se dilucidan no proceso selectivo dun docente en relación á acreditación do seu currículo e habilidades en relación cunha determinada área de coñecemento que configura decisiva e substancialmente o perfil da praza; pretender como fan os recorrentes, que na elección da docencia concorran en igualdade de condicións profesores que obtiveron a súa praza superando o correspondente proceso selectivo nunha área determinada en relación cos que a obtiveron en áreas afíns implicaría descoñecer flagrantemente os principios de mérito e capacidade, posto que non se pode equiparar a área propia con área afín (de feito se veñen diferenciando claramente a puntuación outorgada nos procesos selectivos das universidades en función de se se trata de área propia ou afín).

Polo exposto, o informe da Asesoría Xurídica entende que non hai infracción da legalidade e sendo o acordo validamente adoptado por maioría, neste punto estímase conforme a dereito.

6. Sobre a aprobación do listado de materias asociadas a especializacións científico-académicas no POD 2013-14, ante a proposta de que esta asignación de materias sexa

a mesma que se estableceu no curso pasado, sométese esta a votación, aprobándose por maioría. Os recorrentes non cuestionan este punto do acordo.

7. Sobre a aprobación dos criterios de elección de materias dunha mesma especialización científico-académica polos docentes desa especialización, propónse, tal como se recolle literalmente na acta, que “os criterios de elección de materias a impartir entre un grupo de profesores/as como mesma especialización científico-académica sexa: O consenso entre o grupo de profesores/as co mesma especialización científico académica.

O informe citado sinala que logo de fixar un primeiro criterio, como é o de especialización científico-académica, resultaría necesario acordar a súa concreción práctica; que criterios se seguen para elección de materias unha vez que xa se agruparían aos profesores/as en base á súa especialización científico académica. Non obstante, o Consello de Dpto. adopta un primeiro criterio que é o consenso, e de non habelo, as materias serían “asignadas por votación da maioría dos compoñentes do Dpto.”

O informe da Asesoría Xurídica indica que o consenso non é como tal un criterio; Neste punto, o informe sinala que á vista da xurisprudencia: de que poden establecerse outros criterios pero non poden descoñecerse os criterios de “xerarquía e antigüidade”. E que en consecuencia, o criterio de maioría de votos adoptado non é acorde co respecto dos principios de xerarquía e antigüidade (principios tamén avalados pola Lei galega 6/2013, de 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia, antes transcrita).

En consecuencia, resulta axustado a dereito, segundo as consideracións anteriores, o acordo tomado na sesión do Consello de Departamento AIPSE, de 4 de abril de 2013, relativo á “Aprobación dos criterios para a asignación de materias no POD, no curso 2013/2014”, que se concreta na adopción do criterio “Especialidade científica-académica do profesor”. Pero que que o criterio de consenso, ou maioría de votos, non se axusta á legalidade,

A secretaria xeral finaliza dicindo que o parecer da Asesoría Xurídica é que debe estimarse parcialmente o recurso, retrotraendo o procedemento ao momento da adopción dos acordos aprobados polo Consello de 8 de maio de 2013, para que por este órgano se fixen os criterios de asignación de docencia respectando os principios de xerarquía e antigüidade. E posteriormente, unha vez fixados tales criterios procede a súa aplicación, de modo que unha vez aplicado o criterio de especialización científico-académica (que conleva unha “agrupación” do profesorado en base á aplicación da especialización científico-académica), o que procederá será aplicar dentro de cada “agrupación” o criterio de xerarquía do corpo docente e antigüidade.

Ábrese unha rolda de intervencións.

O reitor dá a palabra a o Prof. Antonio González Fernández (art. 2.5 do Regulamento de réxime interno do Consello de Goberno), que dá lectura a súa intervención para que conste en acta:

*“O Departamento de Análise e Intervención Psicosocioeducativa (AIPSE, X01) está composto por 8 Áreas de Coñecemento. O seu profesorado distribúese do seguinte*

*xeito: 23 Asociados/as; 14 docentes con Vinculación Permanente; 3 Axudantes Doutores; e 1 Bolseira Post-Doutoral. Estes profesores/as imparten docencia sobre todo nos Graos de Educación Social e Traballo social e, en menor medida, nos de Educación Infantil, Educación Primaria e Relacións Laborais.*

*Como é sabido, nos anteriores Plans de Estudo de Diplomaturas e Licenciaturas, cada materia viña asignada por BOE a unha ou máis Áreas de Coñecemento, e esta adscrición era asumida polos Centros. En cambio, nos actuais Plans de Estudo dos Graos, os Centros asignan as materias a Departamentos, non a Áreas de Coñecemento.*

#### *Acordos tomados polo Departamento*

*Os acordos do Departamento de AIPSE que reclamamos fan referencia á elaboración e aprobación do POD do curso 2013-14. Concretamente, refírense (1) aos criterios de elección de materias polos docentes, e (2) aos criterios de asignación de materias a Áreas.*

*En canto ao primeiro punto, no Consello de Departamento aprobouse por maioría que as materias se escollerían pola “especialización científico-académica do profesor”. No momento de explicitar qué define esa “especialización científico-académica”, apróbase por maioría que esa especialización veña determinada pola Área de Coñecemento á que está vinculado/a o/a docente no seu último contrato coa Universidade de Vigo. Como alternativa para definir esa especialización, os reclamantes propuxemos o criterio do “Currículum docente e investigador” do profesor, quedando este criterio en minoría na votación do Departamento.*

*En segundo lugar, unha vez aprobados estes acordos pola maioría dos votos, procedeuse a asignar as materias a Áreas. Aprobouse, por votación maioritaria e sen ningunha discusión previa, a asignación de materias a Áreas. Esta asignación tampouco fora debatida no momento da elaboración dos Plans de Estudo.*

#### *Realidade académica do Departamento*

*En primeiro lugar, recoñecemos que existen materias asignadas ao Departamento de AIPSE que están claramente vinculadas a determinadas Áreas de Coñecemento. Así mesmo, constatamos que existe un bloque de materias que teñen un carácter multidisciplinar, polo que poderían ser adscritas a diferentes Áreas.*

*Este carácter multidisciplinar é unha tradición nos nosos títulos. Así, no anterior plan de estudos da Diplomatura en Traballo Social, todas as materias troncais asignadas por BOE ao Departamento de AIPSE estaba adscrita a varias Áreas de Coñecemento. Algo moi similar ocorría co plan de estudos da Diplomatura en Educación Social.*

*De xeito similar, analizando a realidade doutras universidades nacionais, constatamos que materias asignadas ao Departamento de AIPSE (como “Violencia de Xénero” ou “Mediación en Conflitos”) son impartidas nesas universidades por Áreas de Coñecemento moi diferentes e incluso forman parte de Graos moi diversos.*



*Ademais, nos actuais plans de estudo de Grao en Educación Social e de Grao en Traballo Social da Universidade de Vigo, diversas materias asignadas ao Departamento de AIPSE están sendo impartidas por varias Áreas. Así ocorre nos seguintes casos: a materia “Mediación en Conflitos” (do Grao en Educación Social) é impartida polas Áreas de Psicoloxía Básica e pola de Personalidade; a materia “Saúde, Vulnerabilidade e Dependencia” (do Grao en Traballo Social) é impartida polas áreas de Psicobioloxía e pola de Traballo Social. De xeito similar, a materia “Habilidades Sociais” é impartida pola Área de Psicoloxía Social (no Grao en Traballo Social) e pola Área de Personalidade (no Grao en Educación Social).*

*Qué solicitamos*

*En relación ao Recurso de Alzada presentado:*

*1. Solicitamos que se anulen os acordos do Consello de Departamento do día 8 de maio de 2013, nos que se estableceron os criterios de distribución do POD para o curso 2013-14, porque estes acordos conculcan o principio de Categoría e Antigüidade. Isto non implicaría cambios no POD do presente curso 2013-14, para evitar os trastornos que esta modificación puidera ocasionarlles a estudantes e docentes.*

*En relación ao futuro reparto do POD no Departamento de AIPSE:*

*Solicitamos a elaboración dunha normativa que resolva os problemas de reparto da docencia derivados da realidade multidisciplinar de certas materias asignadas ao Departamento (unha situación que non ten por qué darse noutros Departamentos)*

*Mentres non se elabore esta normativa, e para resolver o problema que se vai reproducir xa no POD do curso 2014-15, solicitamos que se tomen as medidas oportunas para que as materias con contidos multidisciplinares sexan adscritas a varias Áreas; logo, o profesorado desas Áreas podería elixir a docencia según Categoría e Antigüidade.”*

Intervén a Prof<sup>a</sup> Mercedes Suárez Pazos para dicir que os problemas que aparecen neste Departamento, como xa sucedeu noutros, veñen en parte pola indefinición que existe na actualidade, unha situación que pode xerar indefensión. Coas titulacións antigas a asignación de materias a áreas producíase dentro do proceso de elaboración do plan de estudos, quedando fixadas as asignacións posteriormente no BOE. Actualmente, ignoramos quen, onde e con que normativa se poden asignar as materias ás áreas correspondentes. Nalgúns casos esas asignacións son claras e incuestionables, pero existen outras que teñen carácter interdisciplinar, que son as que poden xerar conflitos. Nestes casos, a que normativa temos que acudir?, pois non todo se pode resolver mediante votación con maiorías e minorías.

Acórdase estimar parcialmente o recurso de alzada interposto polos profesores do Dpto. de Análise e Intervención Psicosocioeducativa, D. Antonio González Fernández e outros, contra os acordos da COAP dos días 20 e 27 de maio de 2013.

**Punto 15.** Toma en consideración, se procede, do recurso dealzada, interposto por D. Francisco Conde Fernández, contra o acordo da Comisión Académica do Máster da Avogacía de Ourense, que ratifica a adxudicación de prazas de profesorado que foron propostas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen informa que examinado o recurso de alzada presentado, con data 14 de agosto de 2013, por D. Francisco Conde Fernández contra o acordo da Comisión Académica de adxudicación das prazas de profesorado, de data de 16 de xullo de 2013, é preciso indicar que para valorar o mesmo, tivéronse en conta os antecedentes obrantes no expediente, en concreto os seguintes feitos:

1. O Convenio de colaboración académica asinado por a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense con data de 16 de maio de 2012 para a impartición conxunta da formación profesional esixida no Capítulo Segundo da Lei 34/2006, de 30 de outubro, de acceso ás profesións de avogado e procurador dos tribunais.
2. Memoria académica do Máster da Avogacía de Ourense, que describe que o profesorado externo se aportará desde os colexios profesionais e serán avogados en exercicio, polo menos, desde hai tres anos.
3. Pola súa parte, o Convenio de Colaboración Académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de avogados de Ourense recolle na cláusula segunda as funcións propias da comisión académica, recollendo no punto 2 letra k) o seguinte: “Aprobar anualmente o cadro de profesorado da titulación, así como a asignación do citado cadro ás materias do plan de estudos e remitilo á Comisión de Estudos de Posgrao para aprobalo”.
4. Na acta da sesión do día 8 de xullo de 2013 da Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía consta o seguinte: “Punto 5º.- Ratificación, se procede, das/os letradas/os que impartirán docencia no Máster a proposta do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.

*“D. Roberto Bustillo sinala que, en virtude dunha relación baseada na confianza institucional entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, ao igual que a Comisión Académica asume a proposta presentada pola Xunta da Facultade en relación cos profesores universitarios deben impartir docencia no Máster, a Comisión Académica tamén asume a proposta presentada ao respecto en relación cos profesores por parte do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.*

*D. Marcos Vázquez, en representación do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, entrega a documentación na que se inclúe a relación de admitidos e excluídos coa súa puntuación e baremación elaborada polos membros do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.*

*Recibida a proposta de adxudicación de prazas adoptadas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense en relación cos avogados en exercicio que impartirán docencia no Máster en Avogacía no curso 2013-2014, consonte ao disposto na cláusula segunda do convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense de 16 de maio de 2012, a Comisión Académica acorda*

*ratificar a proposta elaborada e presentada polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.*

*Acórdase que dende o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense se remita la lista de admitidos e excluídos en formato electrónico para que unha vez visado polo Secretario do Máster sexan publicados nas páxinas web do Máster”.*

5. Con data de 16 de xullo de 2013 publícase o acordo de adxudicación de prazas de profesorado do Máster Universitario en Avogacía para o curso 2013-2014.
6. O día 18 de xullo de 2013, ten entrada no rexistro do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, escrito de D. Francisco Conde Fernández solicitando copias dos expedientes dos concursantes na área de Dereito Administrativo e da acta da reunión onde se baremaron os méritos, aos efectos da posible interposición dun recurso de alzada contra o acordo de adxudicación das prazas de profesorado.
7. O día 14 de agosto de 2013 ten entrada no rexistro de Ourense da Universidade de Vigo con número 201300013754, recurso de alzada de D. Francisco Conde Fernández contra o acordo de adxudicación das prazas de profesorado de data de 16 de xullo de 2013. O recorrente interesa acceso e copia dos expedientes dos concursantes na Área de Dereito Administrativo, e do acta da reunión onde se baremaron os méritos, sinalando que dicha documentación é básica para poder argumentar os motivos do recurso. Igualmente, alega que descoñece determinados aspectos, tales como a composición dos membros da Comisión Académica que baremaron os méritos, que descoñece cales son as puntuacións de cada un dos méritos presentados, e en base a onde veñen reflexados na convocatoria. Finaliza o seu recurso sinalando que se reserva alegar novos motivos unha vez se lle entregue a documentación requirida”.
8. Con data de 10 de decembro de 2013, Dna. Marta Fernández Prieto, Secretaria da Comisión Académica do Máster Universitario en Avogacía da Facultade de Dereito da Universidade de Vigo, emitiu informe sobre o recurso de alzada presentado por D. Francisco Conde Fernández.

A secretaria xeral di que en base os antecedentes expostos, a Asesoría Xurídica emitiu o seguinte informe:

Primeiro.- De conformidade co artigo 6.4 da Lei Orgánica de Universidades e do artigo 24.2 dos Estatutos da Universidade de Vigo, correspóndelle ao Consello de Goberno coñecer do recurso presentado contra o acordo da Comisión Académica do Máster de adxudicación das prazas de profesorado para o curso 2013-2014.

Segundo.- O artigo 107.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo establece que *“contra las resoluciones y los actos de trámite, si estos últimos deciden directa o indirectamente el fondo del asunto, determinan la imposibilidad de continuar el procedimiento, producen indefensión o perjuicio irreparable a derechos e intereses legítimos, podrán interponerse por los interesados los recursos de alzada y potestativo de reposición, que cabrá fundar en cualquiera de los motivos de nulidad o anulabilidad previstos en los artículos 62 y 63 de esta Ley”.*

O recorrente non alude a ningunha das causas de nulidade ou anulabilidade contempladas nos artigos 62 e 63 da Lei 30/1992, do 26 de novembro que puidesen viciar o acto recorrido, nin esgrime ningún motivo xurídico no que se fundamente a impugnación do acto solicitado.

O recorrente límitase a sinalar que descoñece algúns aspectos concretos do expediente que é necesario coñecer para poder decidir se existen ou non determinados vicios de legalidade, reservándose o dereito de alegar novos motivos para a fundamentación do recurso.

Que no informe emitido pola Secretaria da Comisión académica de data de 10 de decembro de 2013, nos puntos DÉCIMO e UNDÉCIMO dispón o seguinte:

*“DÉCIMO.- O día 3 de outubro de 2013, deuse traslado á vista do expediente a D. Francisco Conde no despacho 4.27 da Fac. De Dereito en presenza do Secretario do Máster.*

*UNDÉCIMO.- Dende entón ata o día de hoxe, despois de deixar transcorrer tempo suficiente para que o interesado, á vista do expediente consultado, esgrimise novos motivos de legalidade contra o acto recorrido, non consta que o recorrente presentase ningún escrito de alegacións que complementen o seu recurso inicial”*

A secretaria xeral dá conta de que o informe conclúe que atendendo ao exposto e non apreciándose tampouco, segundo a documentación obrante no expediente, outros motivos de infracción da legalidade no acordo de adxudicación de prazas de profesorado de data 16 de xullo de 2013 que fixesen nulo ou anulable este acordo, entende que procedería a desestimación do recurso de alzada presentado contra este.

Ábrese un debate sobre cuestións técnicas entre a secretaria xeral e a profesora Ana Pita Grandal.

Apróbase desestimar o recurso de alzada, interposto por D. Francisco Conde Fernández, contra o acordo da Comisión Académica do Máster da Avogacía de Ourense, que ratifica a adxudicación de prazas de profesorado que foron propostas polo Ilustre Colexio de Avogados de Ourense.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, en relación coa herdanza de Dna. Alicia Crespi, da conmutación do usufruto do viúvo D. Ángel González Herrero, de forma condicionada ao reparto de toda a herdanza globalmente considerada nunha unidade de acto, e aceptación do sistema de sorteo ante notario dos lotes propostos.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen dá conta dos documentos que obran no expediente e que foron achegados coa orde do día do Consello de Goberno. Tras facer referencia á resolución do xerente dando inicio o expediente de aceptación da herdanza, de data de 19 de febreiro de 2013, sinala: o testamento da causante Dona María Alicia Crespi González que institúe herdeiros a varias persoas ou entidades, entre elas unha cuarta parte á Congregación de relixiosas de Santa Dorotea e a Normal de Mestras de Pontevedra (agora Fac. de Ciencias da Educación e do Deporte de Pontevedra) por metade entre ambas, para os fins e as condicións que a propia testadora acordará con estas dúas institucións.

Tamén a acta da reunión celebrada polos herdeiros, legatarios, albaceas e contadores partidores da herdanza da causante de data 5 de xullo de 2012 nos que se tomaron varios acordos. Entre eles a conmutación do legado atribuído no testamento a D. Ángel González Herrero (usufruto de dúas terceiras partes da herdanza) por un quince por cento do total dos bens da herdanza da causante.

Que vista a documentación obrante no expediente correspondente á taxación dos bens que forman parte do caudal hereditario, o Consello de Goberno, na súa sesión de 13 de xuño de 2013, acordou a aceptación a beneficio de inventario da herdanza de Don Alicia Crespi. Acordo do que se deu traslado ao Consello Social.

Por todo exposto, a secretaria xeral somete a aprobación dos membros o seguinte acordo en relación coa herdanza de Dona. Alicia Crespi: aceptación da conmutación do usufruto do viúvo D. Ángel González Herrero, de forma condicionada ao reparto de toda a herdanza globalmente considerada nunha unidade de acto, e aceptación do sistema de sorteo ante notario dos lotes propostos.

Apróbase por asentimento

**Punto 17.** Aprobación, se procede, do Regulamento de réxime interno do Dpto. de Lingua Española.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen di que o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo dispón que é competencia do Consello de Departamento a elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.

O artigo 39 dos Estatutos establece que lle corresponde ao Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non sexan competencia do Claustro.

O Departamento de Lingua Española elaborou un novo regulamento para adaptalo á LOU. Antes da súa remisión a esta Secretaría Xeral, de acordo co establecido no artigo 46 dos Estatutos, foi aprobado polo Consello de Departamento o día 17 de decembro de 2013.

O texto do regulamento adaptouse ao informe de legalidade emitido pola Asesoría Xurídica.

En cumprimento do establecido no artigo 39 dos Estatutos sométese á aprobación do Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento o Regulamento de réxime interno do Dpto. de Lingua Española (**Anexo X**).

**Punto 18.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ribeirão Preto (Brasil) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ribeirão Preto (Brasil) para o intercambio de estudantes – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad EAFIT – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a

Universidad Politécnica Salesiana (Ecuador) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidad Politécnica Salesiana (Ecuador) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ciencias Económicas de Poznań (Polonia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Corporación Universidad Piloto de Colombia.

Apróbanse por asentimento.

### **Punto 19.** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Bienvenido Diez para facer unha consulta por iniciativa de UGT ao equipo de goberno. Di que: Recentemente se realizou un gran número de consultas á súa sección sindical, referidas á retención nos salarios, seguindo as disposicións da Xunta, a contratados a proxectos.

A dúbida deriva das partidas que implican estas reducións; no caso dos soldos de funcionarios e persoal laboral da universidade no hai dúbida. Pero, ¿que pasa coas partidas económicas ligadas a proxectos estatais ou europeos? Pois é coñecido que todas estas partidas se no se reclaman se perden. Quixeramos saber:

¿Cantas partidas económicas deste tipo de proxectos se recuperaron?¿Cal é a razón?¿Por que non foi unha devolución xeneralizada?¿Informeuse convenientemente aos IP's, e se non é así, por que?

Finaliza o profesor Bienvenido Diez solicitando poder realizar unha segunda pregunta aclaratoria en función da resposta.

O reitor cede a palabra ao xerente, o cal informa ao Consello de Goberno que tal e como se trasladou en reunións previas e tamén nas diferentes reunións cos representantes dos traballadores, tanto do PAS como do PDI, a minoración salarial establecida pola norma de orzamentos autonómicos no exercicio 2013 afecta a tódolos empregados públicos da Universidade, con independencia do tipo de nomeamento ou contrato laboral que os vincula a mesma. Di que concretamente a norma no seu artigo 37 indica:

“Dous. As retribucións do persoal ao servizo das entidades integrantes do Sistema universitario de Galicia reduciranse nunha porcentaxe equivalente á obtida da aplicación do indicado na letra d) da alínea Un do artigo 21 desta lei sobre as retribucións íntegras anuais do persoal funcionario da Xunta de Galicia, e este axuste deberá supoñer no seu conxunto un 5 % da masa salarial de cada entidade.

Tres. A devandita redución aplicarase sobre os conceptos retributivos dos que a súa regulación non sexa de competencia estatal e acordarase ao abeiro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, respectando o exercicio da autonomía universitaria. Esta redución seralle aplicable a todo o persoal conforme as súas retribucións íntegras anuais e independentemente da súa relación laboral e da aplicación orzamentaria coa que se financie.”

O xerente di que non cabe, polo tanto, realizar diferenciacións na aplicación do disposto pola Lei 2/2013 da Comunidade Autónoma de Galicia entre o persoal contratado por esta institución, sexa a vinculación de carácter funcional ou laboral, tanto se os fondos proceden das transferencias correntes que recibe a institución da Xunta de Galicia ou de entidades dependentes da Administración Xeral do Estado ou da Unión Europea.

Engade que pese a claridade das disposicións, dende as xerencias do SUG realizáronse consultas a diferentes instancias do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte e do Ministerio de Economía e Competitividade e á propia Dirección Xeral de Orzamentos da Xunta de Galicia. As respostas obtidas coinciden na prevalencia das normas autonómicas e das leis de orzamentos aprobadas polo Parlamento Galego.

Así mesmo, recorda que nos mesmos foros se trasladou que a norma de orzamentos da Comunidade Autónoma para o exercicio 2014 mantén as minoracións salariais para ese exercicio.

No relativo á posible aplicación do saldo resultante dos descontos efectuados noutros conceptos de gasto dos proxectos, as consultas realizadas no 2013 condicionan toda reversión dos importes derivados da minoración salarial aos termos recollidos nas propias bases reguladoras e Ordes das diferentes convocatorias arestora vixentes.

Por regra xeral, na dinámica da xestión dos proxectos subvencionados, o desconto aplicado pola Universidade de Vigo asimílese sempre a “non execución”, e non a “descertificación”. É importante clarexar que o desconto non constitúe un aforro para a universidade: o que non se gasta retorna ao organismo financiador e non pasa a integrar o remanente da universidade a efectos contables.

No caso das cantidades que foron diminuídas nas nóminas do persoal contratado (ano 2013), o crédito retido como consecuencia do desconto foi revertido só en aqueles proxectos para os que existía autorización expresa por parte do organismo financiador.

Nesa anualidade, so obtivemos resposta inequívoca da Xunta de Galicia e só para os proxectos da convocatoria de consolidación, para os que unha vez realizada a minoración salarial aos traballadores permitíronnos que o saldo resultante revertira nos proxectos para atender outro tipo de gastos que non foran os de persoal.

O xerente reconece que todo proceso de comunicación é mellorable e, cara a iso, en canto remate o Consello de Goberno se remitirá dende a Xerencia unha nota informativa aos IP's con proxectos vivos neste exercicio, tentando explicar cal vai a ser a situación no 2014. Sinala que concretamente e tendo en conta o exposto anteriormente, se lles vai trasladar as condicións marcadas polas correspondentes bases reguladoras (e as ordes de modificación das mesmas cando proceda), así como o contido das novas convocatorias con vixencia no 2014; a Xerencia e os servizos administrativos están a implementar o procedemento deseñado para a devolución de oficio, ás partidas de orixe, das cantidades que se van detraer este ano da nómina do persoal laboral contratado con cargo a proxectos e convenios. Quérese deste xeito, facilitar o correcto desenvolvemento da actividade investigadora dentro do cumprimento da lexislación vixente.

Informa, que o procedemento será comunicado aos investigadores dos proxectos afectados, e esta devolución realizarase de oficio sempre que os cambios nas partidas non supoñan modificacións “substanciais” no proxecto que motivou a concesión de subvención, en cuxo caso requirirase unha autorización previa por parte da autoridade de xestión dos fondos, entidade responsable do procedemento de convocatoria e resolución das axudas concedidas.

Por regra xeral, o crédito que resulte liberado poderá dedicarse a calquera tipo de gasto elixible tipificado na Resolución de concesión e/ou na proposta de axuda que motivou a concesión da subvención. En ningún caso, o crédito específico liberado como consecuencia do desconto poderá destinarse a cubrir gastos de persoal (incluíndose nesta categoría os denominados complementos salariais e as dotacións adicionais do persoal contratado ou pendente de contratación).

Intervén novamente o Prof. Bienvenido Diez, para dicir que lle interesa coñecer por que no se enviou xa un protocolo de actuación a todos os investigadores principais de todos os proxectos da Universidade de Vigo.

O reitor cédelle a palabra ao xerente, quen informa que como tódolos anos se está a proceder ao peche e liquidación do orzamento 2013, e que este ten que presentarse perante o Consello Social, antes do 28 de febreiro. E que en tanto non rematen as operacións de peche do exercicio precedente, non se poden completar as operacións de apertura do exercicio en curso, sen prexuízo dos prazos necesarios para implementar nos aplicativos de xestión os cambios que se teñen que introducir para dar resposta aos cambios normativos.

A data de hoxe, os proxectos dispoñen das contías iniciais, correspondentes ao exercicio, para desenvolver a súa actividade con normalidade, e consonte avancemos nos procedementos planificados se lle irán incorporando os importes que correspondan, e ao tempo se facilitará a oportuna información polos canles habituais.

Intervén Ivan Veleiro, en representación do estudiantado, para dicir que o pasado mes de xullo, concretamente o día 8, celebrouse na E.T.S.E. de Minas un exame na aula M-213 cunha temperatura de 37°C, medidas cun termómetro dixital; dito feito foi recollido por un alumno e reflexado nunha queixa remitida a dirección da E.T.S.E. de Minas. O 18 de xullo, a petición do Servicio de Prevención de Riscos Laborais da UVigo, un técnico do servizo de prevención alleo realiza en diferentes espazos da E.T.S.E. de Minas medicións da temperatura, sendo todas superiores aos 27°C, superiores o límite máximo legal, recoñecendo un risco probable con lesión leve en grado medio. Ante esta situación, ¿cales son as medidas que o Equipo de Goberno, está a tomar?

Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que se procedeu a abrir un período de proba, colocando una especie de vinilos nos vidros que fan baixar notablemente a temperatura, de xeito que a dirección da ETSE está satisfeita.

Intervén de novo Iván Veleiro para facer dos novos rogos: que na próxima normativa de matrícula para o curso 2014/2015, se rebaixe a penalización por falta de pago na matrícula do 10 ao 5%.



Responde o vicerreitor de Economía e Planificación que a institución fixo o esforzo de permitir o pago de matrícula en 6 prazos pero para que o fraccionamento funcione e preciso dotarse de un mecanismo para que a matrícula se pague nas datas correspondentes.

Que se estude implantar na próxima normativa de matrícula, para o curso 2014/2015, un período especial, no mes de marzo ou abril, para que os alumnos se poidan matricular no TFG ou TFM; ou polo menos se poidan desmatricular sen penalización.

Intervén José Ángel Álvarez Moreira solicitando o que figura no **Anexo XI**.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15:45 horas do día 12 de febreiro de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

M<sup>a</sup>. Inmaculada Valeije Álvarez